

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIROCALDELAS  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA****1º.- Instancias de obras de particulares e comunicacóns previas.**

1.1.- Instancia núm. 201500000000707 de dona Susana Núñez González.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para obras de construcción de muro de contención en Piñeiro (Expediente núm.: 2015/U008/000011), en solo cualificado como solo de expansión de núcleo rural (N-2), segundo o vixente PXOM, de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Carlos Durán López.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090B502009590001YE.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Axustaranse ao proxecto presentado.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dezaseis euros con noventa e sete céntimos (#116,97#)

1.2.- Instancia núm. 201500000000439 de don Salvador Devesa Mouríño.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 190 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar o tellado colocando tella nova, situada en Texo nº 4, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), incorporada no catálogo



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



municipal de bens suxeitos a protección coa numeración B-39, e cun grado de protección ambiental.

Referencia catastral 15090C50200841.

Dáse conta así mesmo da autorización do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e dous euros con corenta e dous céntimos (#142,42#).

### 1.3.- Instancia núm. 201400000001122 de dona M<sup>a</sup> Esther Liste Valdés.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para obras de legalización de actividade para bar e edificación existente, situada en Chaos, nº 1 –San Mamede de Ribadulla.

(Expediente núm.: 2014/U008/000016), en solo cualificado como de núcleo rural (N1), segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Santiago Rodríguez Alcalá en calidade de arquitecto.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001600100NH43D.

Dáse conta tamén da comunicación previa presentada para a actividade de Bar.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construirase de acordo co proxecto presentado.

En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

De acordo co establecido no artigo 29 da mesma Lei deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia, e a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m e gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Así mesmo, no seu momento, deberá achegar comunicación previa de inicio de actividade (expte: 2015/U016/000009).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Acórdase tamén aprobar a liquidación de taxas correspondentes que ascenden á cantidad de douscentos euros (#200,00#).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincocentos cincuenta e cinco euros con vinte e dous céntimos (#555,22#).

1.4.- Comunicación previa de obra de dona Eva M<sup>a</sup>. González Fernández. (Expediente 2015/U017/000026).

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000026 de comunicación previa de obra presentada por dona Eva M<sup>a</sup>. González Fernández para construcción de cerramento de parcela, con postes e malla de arame, e colocación de portal na fronte, de aproximadamente 130 m. de lonxitude, no lugar de A Ferreira -San Fins de Sales,, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidad de sesenta e dous euros con dous céntimos (#62,02#).

1.5.- Comunicación previa de obra de don José Gálvez García. (Expediente 2015/U017/000027).

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000027 de comunicación previa de obra presentada por don José Gálvez García para rehabilitación de vivenda, consistente no arranxo do tellado, substituíndo a tella por uralita, nunha superficie aproximada de 50 m<sup>2</sup> en planta, situada en Castro - Ponte Ulla, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidad de cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#53,43#).

1.6.-Comunicación previa de obra de don Javier Lareo Mougán. (Expediente 2015/U017/000028)

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000028 de comunicación previa presentada por don Javier Lareo Mougán para rehabilitación de vivenda consistente en arranxo de tellado, colocando tella sobre uralita existente, canlóns e colocando unha pequena claraboia, situada en Picón –San Pedro de Vilanova, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidad de setenta e catro euros con noventa e dous céntimos (#74,92#).

1.7.-Comunicación previa de obra de don Eugenio Fernández Mareque. (Expediente 2015/U017/000029).

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000029 de comunicación previa presentada por don Eugenio Fernández Mareque para construcción de peche de parcela, de aproximadamente 21 m. de lonxitude, con base de pedra, postes e arame, no lugar de Cibrán-San Xián de Sales, cun prazo de execución dun ano.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e dous (#82,00#) euros.

1.8.- Comunicación previa de dona Sara Castro Segade. (Expediente 2015/U017/000030)

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000030 de comunicación previa de obra presentada por dona Sara Castro Segade para construcción de peche de parcela, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 94 m. de lonxitude, no lugar de Paradela -San Xián de Sales, cun prazo de execución de doce meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e catro euros con corenta e nove céntimos (#84,49#).

1.9.- Comunicación previa de don Juan José Rendo Rey. (Expediente 2015/U017/000003)

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000003 de comunicación previa presentada por don Juan José Rendo Rey para construcción de peche de parcela, de aproximadamente 240 m. de lonxitude, con postes e arame, en Torre de Abaixo - Santa Cruz de Ribadulla, con un prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e dous euros con setenta e oito céntimos (#92,78#).

1.10.- Instancia núm. 20150000000635 de dona Ana Belén Garea Buste e don José Manuel Barreiro Costa.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de construcción de alboio en Paradela (Expediente núm.: 2015/U008/000009), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais”, segundo o vixente PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. plantas baixa; altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Miguel López Castro cun orzamento de 14.308,04 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A00100354.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.-Construirase de acordo co proxecto presentado.

A fachada deberá enfusarse e pintarse e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos oitenta e seis euros con dezaseis céntimos (#286,16#)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1.11.- Instancia núm. 201500000000475 de don Santiago Viña Vilas e dona Vanessa Quinteiro Castro.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Vedra, solicita licenza para obras de construcción de vivenda unifamiliar en Manteles de Arriba (Expediente núm.: 2015/U008/000008), en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: planta baixa, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto D. Andrés Fernández Couce e cun orzamento de 128.434,91 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50300571.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construirase de acordo co proxecto presentado.

En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará con entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

De acordo co establecido no artigo 29 da mesma Lei deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamiento.

A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m. e debendo gardar a distancia das alíñacionés respecto dos viais.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (111 m<sup>2</sup>).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil cincocentos sesenta e oito euros con setenta céntimos (#2.568,70#).

1.12.- Instancia núm. 20140000000665 de don Sergio Garaboa Castro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, expón que con data 02/07/2013 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Laraño (Expediente 2013/U008/000005) e dado que por diversos motivos non se vai executar o proxecto, solicita que se anule a licenza concedida e que se devolva a cantidade ingresada en concepto de ICO que ascende á cantidade de mil cincocentos (#1.500,00#) euros

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

**2º.- Acordo, se procede, sobre remisión de expediente de legalización de edificacións auxiliares para granxa escola en Santa Cruz de Ribadulla ao Servizo de Urbanismo**



Dáse conta do expediente promovido por don José M. Orosa Canabal para *legalización de edificacíons auxiliares para granxa escola*, no lugar de Agrelo da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, neste termo municipal. Dáse conta, así mesmo, da exposición ao público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 12 de maio de 2015, durante o que non se presentaron alegacións, e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### **3º.- Acordo sobre a aprobación definitiva de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2015.**

3.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004 e BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2015*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 62, do 06/04/2015) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas a instancia dos interesados durante o mencionado período:

1. Seis cambios de titularidade acordados por resolucións da Alcaldía núm. 157/2015, 163/2015, 191/2015, 199/2015 e 215/2015, ditadas nos meses de abril e maio.

2. Unha baixa por non habitabilidade acordada por resolución da Alcaldía núm. 205/2015, de data 6 de maio.

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención de que no expediente se cumpren, respecto do abono e esixibilidade da taxa e respecto da xestión das altas/baixas no padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se cumpriron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas, de exposición pública do padrón provisional e de notificación colectiva mediante edicto publicado no taboleiro de anuncios do concello e no BOP, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2015* -que comeza por Abel Souto, M<sup>a</sup> Isabel e remata por Zas Villaverde, José Carlos- coas seguintes cifras definitivas:

Número total de liquidacións ou recibos: 2.028 (dous mil vinte e oito).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Importe total do padrón: 156.185,24 €(cento cincuenta e seis mil cento oitenta e cinco euros con vinte e catro céntimos).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 3 de marzo de 2000.

**3.2.-** Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004).

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2015*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 62, do 06/04/2015) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas a instancia dos interesados durante o mencionado período: dous cambios de titularidade ditados por resolucións da Alcaldía núm. 157/2015, de data 8 de abril, e 215/2015, de data 13 de maio.

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención de que no expediente se cumplen, respecto do abono e esixibilidade da taxa e respecto da xestión das altas no padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se cumpriron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas, de exposición pública do padrón provisional e de notificación colectiva mediante edicto publicado no taboleiro de anuncios do concello e no BOP, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2015* - que comeza por Adrio Nazar, Belén e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes cifras definitivas:

Número total de liquidacións ou recibos: 446 (catrocentos corenta e seis).

Importe total do padrón: 15.585,00 €(quince mil cincocentos oitenta e cinco euros).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acuerdo plenario de data 25 de febreiro de 2005.

## 4º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acreedor	Descripción
32108043	05/05/2015	669,08	Automoviles Louzao, S.A.U.	Recambios e revisión de mantemento do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o 30/04/2015
Z72699	22/05/2015	404,14	Staples Productos de Oficina, S.L.U. (Kalamazoo)	Armario de oficina para o departamento municipal de servizos sociais subministrado en maio



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



8	30/04/2015	181,50	Arca Fuentes María Dolores	Impartición do curso de teares e trapío mes abril
15/1416	18/05/2015	273,93	Exclusivas Rer, S.L.	Metacrilato negro para arranxo da marquesiña da Gándara subministrado en maio
2015-40	27/05/2015	235,20	Ibernishia, S.L.	Importe circuíto termal da excursión da Terceira Idade ás termas de Outariz o día 27/05/2015
49	27/05/2015	624,00	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	Importe do xantar dos participantes na excursión da Terceira Idade ás termas de Outariz o día 27/05/2015 con achegas dos participantes
S15/8254	14/01/2015	359,00	La Voz de Galicia, S.A.	Subscrpción anual ao xornal <i>La Voz de Galicia</i> (do 02/01/2015 ao 01/01/2016)
66	26/05/2015	10.974,70	Construcciones Roberto Vales, S.L.	Realización da obra impermeabilización de cuberta no cemiterio parroquial de San Cristovo de Merín (R.A. 208/2015)
96	31/05/2015	6.172,30	Ana Naya García. S.L.	Servizo xeral de gardería na escola infantil municipal mes maio
840353982	07/05/2015	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias realizadas nas máquinas de servizos sociais e das oficinas xerais mes maio
A/250	31/05/2015	11,70	Comercial Sánchez y Torres, S.C. (Taller- Repostos Maquinaria Agrícola)	Repostos para as rozadoras da brigada verde subministrados en maio
367	22/05/2015	1.390,63	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Traballos realizados no local da escola de música e nas instalacións do campo de fútbol de Santa Cruz en abril e maio
5	31/05/2015	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes maio
08/C14-15	30/05/2015	270,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura impartidas no mes de maio
006/15	31/05/2015	1.100,00	Villasenín Iglesias Rubén	Servizo de monitor no marco do programa <i>Conxuga</i> mes maio
15/5	31/05/2015	1.685,14	Freiría Suárez José María	Servizo de limpeza do centro de saúde e de escolas unitarias mes maio
102652	31/05/2015	14,77	Hierros Diego, S.L.	Material para mantemento das vías públicas subministrado en maio
C9-15	31/05/2015	641,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de maio e recollida dun animal neste período
23	14/05/2015	99,10	Panadería Raviña- Susana Raviña Carbia	Produtos servidos con motivo da exposición de cadros dos alumnos do curso de pintura 2014-2015
8599/6528/3819 /1177	28/05/2015	118,04	Mercamella, S.L.	Tíckets por produtos adquiridos en maio para o servizo de madrugadores
201508329	20/05/2015	8,35	Ferretería Botana - Botana Granja Manuel	Materiais para actividades da ludoteca adquiridos en maio
Recibo xuño 089461030002	01/06/2015	38,66	DTS, SA (Digital +)	Subscrpción a <i>Canal+</i> para a casa da Terceira Idade correspondente ao mes de xuño
17/2015	30/05/2015	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Servizo de emisión de informes e realización de xestións urbanísticas municipais durante o mes de maio



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



35 4201	28/05/2015	1.173,94	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en maio na nave de Trobe
36	29/05/2015	2.115,93	Grupo Acofide, S.C.	Marcaxe técnico, pintado e subministro do mobiliario para cancha deportiva en San Pedro de Sarandón
42	29/05/2015	6.241,48	Grupo Acofide, S.C.	Servizo de xestión de instalacións e actividades no polideportivo municipal mes maio (prazo 20/48)
15001164	03/06/2015	30,00	Copistaría Copistrada, S.L.	Bonos para a actividade <i>Teatrofilia 2015</i>
93320495	03/06/2015	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da fotocopiadora da planta baixa correspondente ao mes de xuño
Autoliquidación 7391500490403	03/06/2015	5.000,00	Consellería de Facenda	Taxa por reserva inicial de 87 prazas nos campamentos musicais de verán en Gandarío do 22 ao 27/06/15
22	30/04/2015	106,48	Camino Bouzón Miguel Ángel	Arranxo no baño da casa do antigo Xulgado de Vedra
21	30/04/2015	723,58	Camino Bouzón Miguel Ángel	Arranxos no campo da festa de San Miguel
GC000015	04/06/2015	400,00	Maeve McLoughlin	Impartición de clases de inglés en Santa Cruz no mes de maio
2015362	01/06/2015	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Mantemento da iluminación pública no mes de maio
A/174	31/05/2015	855,51	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Limpeza do CPI de Vedra durante 10 días en abril-maio por substitución de empregada municipal (adxudicada por R.A. 182/2015)
A/165	31/05/2015	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial durante o mes de maio
A/173	31/05/2015	1.891,05	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Traballos de reforzo de limpeza e conservación de espazos naturais municipais (rutas sendeirismo) mes maio
15-00061	07/05/2015	36,30	Pazo de Galegos - García Cebeiro Pablo	Produtos para atencións protocolarias da Alcaldía subministrados en maio
4001559213	31/05/2015	629,73	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado, paquetería e publicidade directa (reparto boletín municipal) prestados no mes de maio
15-703	31/05/2015	100,00	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en maio
15-712	31/05/2015	7,03	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada de obras subministrada en maio
15-713	31/05/2015	1.344,16	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e repostos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados en maio
15-714	31/05/2015	133,46	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada en maio
15-715	31/05/2015	14,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 subministrada en maio para actuación de Protección Civil
15-716	31/05/2015	8,50	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 subministrada en maio para o cortacéspede empregado no mantemento do CEIP de Santa Cruz
16/2015	22/05/2015	2.174,37	Fermín González Blanco, S.L.U.	Honorarios pola dirección da obra de mellora da cuberta do centro da Terceira Idade
0295/E15	29/05/2015	513,03	Talleres San Fins S.L.	Reparación da retroescavadora Fiat Hitachi E6073BBD no mes de maio



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



0289/E15	29/05/2015	36,66	Talleres San Fins S.L.	Reparación do acendido do vehículo Nissan 2445BLH en maio
0294/E15	29/05/2015	114,95	Talleres San Fins S.L.	Reparación de pinchazo dunha roda grande do tractor J. Deere E2564BDT en maio
0293/E15	29/05/2015	1.887,60	Talleres San Fins S.L.	Reparacións das rozadoras de arrastre, lateral e avanzada realizadas durante o mes de maio
M8/2015	05/06/2015	500,00	Couto Rendo Rocío	Impartición clases de reforzo para preparación do graduado escolar dentro do programa de Educación de Adultos mes maio
6025	05/06/2015	49,47	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en xuño
FE15321173178 640	13/05/2015	765,54	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Ponte Ulla período 27/02/2015-04/05/2015
FE15321173178 638	13/05/2015	730,94	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 27/02/2015-04/05/2015 (contrato 139356988)
FE15321173178 637	13/05/2015	114,33	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Paradela período 26/02/2015-02/05/2015
FE15321173178 635	13/05/2015	815,20	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Dozar período 27/02/2015-02/05/2015
FE15321174075 521	21/05/2015	330,06	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede período 26/02/2015-27/03/2015
FE15321174075 523	21/05/2015	280,78	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CEIP de Santa Cruz período 17/01/2015-07/04/2015
FE15321174075 522	21/05/2015	62,34	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á piscina municipal período 27/02/2015-28/03/2015
FE15321173379 537	14/05/2015	238,47	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Sol período 31/01/2015-26/02/2015
